<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de sedimentación e de sedimentos. A estratificación. - Etapas e procesos da diaxénese. - Características básicas dos medios sedimentarios e principais estruturas sedimentarias. - Principais tipos de texturas. - Clasificación das rochas sedimentarias: detríticas, bioquímicas e químicas. - A formación do carbón, do petróleo e do gas natural. - Relación entre os procesos sedimentarios e a tectónica de placas. - Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
9	A atmosfera e a hidrosfera	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar a composición, estrutura e funcións da atmosfera e da hidrosfera relacionándoas coa súa importancia para a orixe e a evolución da vida.	Identificar a composición, estrutura e funcións da atmosfera e da hidrosfera.	PE	90
CA6.2 - Explicar a dinámica da atmosfera e da hidrosfera a través de figuras e/ou diagramas.	Explicar a dinámica da atmosfera e da hidrosfera.		
CA6.3 - Recoñecer a distribución da auga na Terra relacionándoa co ciclo hidrolóxico.	Recoñecer a distribución da auga na Terra.		
CA6.4 - Analizar os principais procesos de contaminación do aire e da auga describindo as súas causas e as súas consecuencias sobre o medio ambiente.	Analizar os principais procesos de contaminación do aire e da auga.		
CA6.5 - Comprender a dinámica hídrica das augas subterráneas analizando a hidroxeoloxía dos acuíferos e describindo os impactos do seu uso e a explotación sostible.	Comprender a dinámica hídrica das augas subterráneas.		
CA6.6 - Argumentar que os avances científicos e tecnolóxicos permiten mellorar a calidade do aire e da auga.	Recoñecer os avances actuais na mellora da calidade do aire e da auga.		
CA6.7 - Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental argumentando sobre a importancia do seu consumo e o aproveitamento responsable.	Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Contrastar a información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables e mostrando unha actitude crítica cara a informacións sen base científica.	TI	10
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel da muller.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O traballo xeolóxico e ambiental. - Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental. - Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación. - Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo... - Procura de información en institucións científicas: ferramentas dixitais, formatos de presentación de procesos, resultados e ideas. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller. - A atmosfera. - Composición e estrutura. - Os movementos de convección e dinámica global. - Funcións e importancia para os seres vivos. - A hidrosfera. - O ciclo hidrolóxico e a distribución da auga na Terra. - As correntes oceánicas superficiais e profundas. - Funcións e importancia para os seres vivos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaminación atmosférica e hídrica. - As fontes e os tipos de contaminantes do aire e da auga. - Causas e efectos dalgúns procesos: smog, chuvia ácida, burato da capa de ozono, cambio climático, eutrofización e contaminación e sobreexplotación de acuíferos.

UD	Título da UD	Duración
10	Os recursos	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Recoñecer a utilidade que teñen os recursos xeolóxicos a través das súas aplicacións na vida cotiá.	Recoñecer a utilidade dos recursos xeolóxicos.	PE	90
CA7.2 - Investigar os recursos xeolóxicos de Galicia relacionando os minerais e as rochas do territorio co seu interese económico e empregando ferramentas dixitais ou outras fontes.	Investigar os recursos xeolóxicos de Galicia.		
CA7.3 - Describir a importancia dos recursos hídricos valorando a súa explotación, tratamento eficaz e xestión sostible.	Describir a importancia dos recursos hídricos.		
CA7.4 - Identificar os recursos da biosfera relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Identificar os recursos da biosfera.		
CA7.6 - Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental e social argumentando sobre a importancia da súa extracción, uso e aproveitamento responsables.	Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental e social.		
CA7.7 - Argumentar a importancia da prevención e xestión dos residuos valorando a súa diminución, valorización, transformación e eliminación e recoñecendo as limitacións do medio ambiente como o seu sumidoiro natural.	Argumentar a importancia da prevención e xestión dos recursos.		
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Contrastar a información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables e mostrando unha actitude crítica cara a informacións sen base científica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel da muller.		
CA7.5 - Promover e adoptar hábitos de vida sostibles a partir da análise dos diferentes tipos de recursos xeolóxicos e da biosfera analizando e valorando os seus posibles usos.	Promover e adoptar hábitos de vida sostibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O traballo xeolóxico e ambiental. - Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental. - Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación. - Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo... - Procura de información en institucións científicas: ferramentas dixitais, formatos de presentación de procesos, resultados e ideas. - O patrimonio xeolóxico e ambiental en España e en Galicia: valoración da súa importancia e da conservación da xeodiversidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller. - Os recursos xeolóxicos e as súas aplicacións na vida cotiá. - Recurso, xacemento, reserva, lei, mena e ganga. - Minerais metálicos e non metálicos. As rochas industriais e ornamentais. - Recursos enerxéticos: carbón, petróleo, gas natural e uranio. - A explotación de rochas, minerais e recursos enerxéticos da xeosfera: tipos e avaliación do seu impacto ambiental. - Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Os recursos hídricos: abundancia relativa, explotación, usos e importancia do tratamento eficaz das augas para a súa xestión sostible. - Os recursos da biosfera e as súas aplicacións da vida cotiá: o solo, recursos forestais, agrícolas e gandeiros. - Os impactos ambientais e sociais da explotación dos recursos. - Importancia da súa extracción, do seu uso e do seu consumo responsables, de acordo coa súa taxa de renovación e interese económico e coa capacidade de absorción e xestión sostible dos seus residuos. - Medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

Contidos

- Os residuos.
- Concepto e diferentes criterios de clasificación.
- Prevención e xestión: importancia e obxectivos (diminución, valorización, transformación e eliminación).
- O medio ambiente como sumidoiro natural de residuos e as súas limitacións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato, dadas as características do alumnado en canto á súa madurez intelectual, é posible aumentar a autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dita autonomía non significa que os estudantes traballen unicamente de xeito individual, senón que poderán facelo en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles.

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe. A metodoloxía didáctica será activa, promovendo a aprendizaxe construtiva e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, fomentando o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación, incidindo na relación dos contidos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que se empregarán estratexias didácticas variadas, que combinen as estratexias expositivas acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe, serán os seguintes:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas deben ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os alumnos e as alumnas o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, favorecerá o interese pola mesma e axuda ao alumnado no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TIC: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso.

Baseándonos no anterior, e coa fin de acadar os obxectivos, levaranse a cabo as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias como base para o desenvolvemento integral do alumnado.
- Propiciar a construción dunha imaxe da ciencia, e en particular da xeoloxía e as ciencias ambientais, non estática, entendendo que a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos, facendo especial fincapé nas actividades prácticas de laboratorio.
- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida

cotiá, mediante a análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (centros de investigación, itinerarios xeolóxicos, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos utilizando diferentes formatos.

-Favorecer o uso das tecnoloxías da información e a comunicación valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.

TIPOS DE ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuencia didáctica:

-Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comprobren que estes deben ser ampliados e transformalos e para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.

-Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.

-Actividades de aplicación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen as novas situacións e contextos aos coñecementos adquiridos.

-Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.

-Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non teñan un progreso agardado.

-Actividades específicas de avaliación: que serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polos alumnos e alumnas e para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e para reforzar aprendizaxes

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS POSIBLES

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo (por parellas ou máis)
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao fomento da lectura, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos varios. Así mesmo, contribuírase ao Plan TIC coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, simulacións, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas dixitais: aula virtual da materia, correo electrónico corporativo, espazo abalar e abalar móbil, entre outras.
Caderno ou portfolio do alumnado
Material bibliográfico en diferentes formatos: da biblioteca do centro, da aula de referencia e do laboratorio de ciencias
Material e mobiliario de aula

Mobiliario e material de laboratorio, entre o que se inclúen modelos cristalográficos e coleccións de minerais, rochas e fósiles

Actividades de iniciación, de desenvolvemento e estruturación, de aplicación e afondamento, de consolidación e síntese, de reforzo, específicas de avaliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital ou proxector e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo dispoñible para as clases prácticas, de realizarse algunha, será o laboratorio de bioloxía e de xeoloxía, pero non está dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar. Isto case que imposibilita a realización da maioría das actividades prácticas desexables.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o material elaborado e aportado polo profesor, amais do de uso recomendado pola Consellería, as guías de bacharelato do IES San Clemente. Os membros do Departamento incorporan todos os materiais que formen parte dos contidos á aula virtual da materia, na súa maioría están elaborados ou adaptados polo docente.

Os apuntamentos e/ou presentacións empregadas na clase e incorporadas á aula virtual da materia poden combinar contidos de diferentes unidades didácticas para favorecer a organización do alumnado de cara ós exames oficiais, que se convocan unha vez por trimestre por parte do equipo directivo.

Os docentes do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía facilitarán ás alumnas e alumnos todos os materiais bibliográficos que necesiten e, na medida do posible, os incorporará á aula virtual da materia para que poda ser compartido por todo o alumnado da materia, ademáis en dita aula o docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítenos coñecer e valorar o punto de partida do estudante e así atopar as dificultades de aprendizaxe dos discentes e as súas carencias, para así adoptar posteriormente as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas.

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizaranse unha serie de preguntas abertas ou dirixidas, ou ben unha proba inicial escrita, baseada en competencias e contidos necesarios para enfrontar a materia. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da avaliación inicial, de existir algún caso particular que así o faga preciso, serán tratados nunha reunión dos membros do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e as conclusións obtidas a partir da súa análise quedarán reflectidas na acta da reunión do Departamento.

Se fose preciso, estes casos daranse a coñecer á xefatura de estudos que, xunto co Departamento de Orientación levarán a cabo as medidas pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	11	13	8	10	12	11	11	8	8	8
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	90
Táboa de indicadores	10

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

En cada un dos tres trimestres realizarase, cando menos, unha proba escrita oficial cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. Se o docente o estimase oportuno, podería realizar outras probas parciais e/ou recuperacións, sempre de carácter voluntario.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: a nota ou media das notas obtidas nas probas representará un mínimo do 80% e ata o 100% da nota da avaliación.

Ata un 20%, de ser o caso, poderá obterse da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final. No caso de ter unha soa avaliación suspensa, cómpre ter unha nota mínima de 4 puntos nesa avaliación para poder facer media coas outras.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguirase os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

Criterios de recuperación:

O alumnado que teña unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións do curso realizará no mes de maio unha proba final para poder recuperalas. A cualificación da avaliación nesta proba final será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese a partir do cinco. Se o docente o considerase oportuno, poderá ofrecer a posibilidade de recuperar calquera dos exames realizados ó longo do curso, sempre de maneira voluntaria.

O alumnado de 2º Bacharelato que teña a materia chave de 1º suspensa pode ter a oportunidade de adiantar a avaliación ordinaria da de 1º, sendo convocado polo equipo directivo, co fin de poder titular a tempo de presentarse á primeira convocatoria das ABAU.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderá realizar unha proba escrita extraordinaria en xuño, convocada polo Equipo Directivo. A cualificación nesta convocatoria será 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

No caso de decimais na cualificación final ordinaria ou extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

Sen embargo, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito corroborado: a diversidade dos estudantes que se manifestan en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos escolares e adoptar medidas oportunas para afrontar esta diversidade (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos..).

Dar resposta a esta diversidade é imprescindible, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acade os obxectivos propostos. Así para acometer o tratamento da diversidade neste materia se realice principalmente por dúas vías:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, mapas conceptuais, paradigmas, etc.

- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivación.

O profesorado buscará o xeito de atender á diversidade de alumnado que curse esta materia en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X

	UD 9	UD 10
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

Ao longo de todo o curso promoverase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a formación estética, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de divulgación científica	Charlas divulgativas impartidas por profesorado dalgunha das tres universidades de Galicia.		X	
Xeomorfoloxía próxima	Traballo de campo sobre as características xeomorfolóxicas da contorna próxima			X

Observacións:

Aínda que sería desexable realizar actividades complementarias e/ou extraescolares, polas características dos centros EPAPU é moi probable que non se poidan realizar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Ademais, nas reunións do departamento de Bioloxía e Xeoloxía analizarase o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias e constarán en actas as posibles modificacións e/ou propostas de mellora. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar as incidencias e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos o profesorado do departamento chegará a acordos e realizará todas as modificacións necesarias, que se deberán incluír nas programacións didácticas dos cursos correspondentes.

9. Outros apartados